


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

7-8 de decembro do 2024

II DO TEMPO DO ADVENTO



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 38* ***Que veña Deus á nosa terra***

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

A nosa celebración de hoxe comeza co desexo: “*Que veña Deus á nosa terra*”.

Estamos no tempo do Advento, esperando a chegada do Señor. Preparámonos para acoller a Xesús que quere compartir a súa vida con nós, que quere ser parte de nós.

Seguimos abrindo ventanas na nosa casa do taboleiro, porque queremos ser fogar acolledor para que cando chegue poidamos sentilo sen trabas á nosa beira.

Xoán Bautista é o Precursor, o que vai diante preparando o camiño. Xoán predica á conversión da vida, porque todos temos algo ou moito a mellorar.

Xoán anímanos a aprender a saír de nós mesmos, a aprender a compartir con todos, e sobre todo cos máis necesitados e desprezados, que son irmáns nosos pois tamén son fillos dese mesmo Deus Pai-Nai.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *A coroa do advento está sendo signo do noso agardar ao Señor. Pouco a pouco estamos atopando a luz que nos alumea no camiño da espera e o encontro con Deus e cos demais.*

Alguén se achega á coroa do advento mentres se canta

CANTO 🎵 n° 38 “**Que veña a luz** á nosa terra”

Monitor/a:

Hoxe queremos luz:

- * a luz de quen non se contenta con silencios, e coa súa voz fala condenando a violencia de xénero, e coa súa voz fala de paz condenando a intolerancia, e coa súa voz fala de tantas e tantas persoas esquecidas,
- * a luz dos que queren medrar á hora de ser FOGAR.

Hoxe somos alumeados por cantos fan vida a carón de persoas encamadas, somos alumeados polas persoas que, con discapacidade, se esforzan á nosa beira, somos alumeados por cantos compartidos aquí, preparando o camiño ao Nadal.

E acéndese unha das velas da coroa, mentres se canta

CANTO 🎵 n° 38 “**Que medre a luz** na nosa terra”

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Pousamos nas mans de Deus os nosos esforzos por facer as cousas mellor dispostos a acoller ao Xesús que está a vir para facerse fogar de Nadal.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai,
non deixes que as ocupacións
e preocupacións de cada día
impidan o noso camiñar ao encontro con Cristo.

Que o teu espírito de sabedoría nos alente a recibilo
preparando o Fogar do Nadal.

Pedímoscho por Xesucristo
que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante:

O apóstolo Paulo, ao igual que o Bautista no Evanxeo, fálanos deste tempo de conversión que estamos a vivir no Advento, para poder preparar o camiño ao Señor.

Xoán Bautista percorre a rexión proclamando a necesidade de cambiar para mellorar, dando esperanza porque xa está aquí a salvación de Deus que todos veremos.

Nós en que poderemos mellorar?.

Leccionario I-C páxina 7 **Flp 1, 4-11** **LECTURA**

LECTURA DA CARTA DE SAN PAULO AOS FILIPENSES

Irmáns e irmás:

Sempre que rezo por vós, fágoo con alegría, pola parte que vides tomando na difusión do Evanxeo desde o primeiro día ata hoxe. Eu fío en que o que encertou en vós un traballo bo, halle de ir dando cabo de aquí ao día de Cristo Xesús.

¡Ben sabe Deus con que morriña cristiá vos boto a faltar aquí! E na miña oración pido que o voso amor reborde de penetración e de sensibilidade para todo: así poderedes acertar co mellor para chegardes enxebres e sen chata ao día de Cristo Xesús, e cheos do froito da xustiza que se consegue por medio de Xesús Cristo para gloria e louvanza de Deus.

Palabra do Señor

🎵 *nº 7 Andarei na presenza do Señor* **SALMO**

(*en pé*) *Leccionario I-C páxina 8* Lc 3, 1-6 **EVANXEO**

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS


No ano quince do reinado do emperador Tiberio César, sendo Poncio Pilato gobernador de Xudea e Herodes tetrarca de Galilea; sendo Filipo, o seu irmán, tetrarca de Iturea e mais da Traconítide, e Lisantias, tetrarca de Abilene: durante o pontificado de Anás e

Caifás, chegoulle a Palabra de Deus a Xoán, fillo de Zacarías, no deserto. Entón el percorreu toda a rexión do río Xordán, pregoando un bautismo de conversión, para acadar o perdón dos pecados, conforme está escrito no libro do profeta Isaías:

Unha voz chama no deserto:
Preparade os camiños do Señor,
reparede os seus vieiros.
Toda barranqueira se cubrirá
todo monte e outeiro se rebaixará,
os camiños tortos hanse endereitar
e os fragosos hanse achanzar.
E todos verán a salvación de Deus.

Palabra do Señor

(**sentad@s**) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Presentación do taboleiro FOGAR DO NADAL



Coa súa axuda deste taboleiro estamos preparando o FOGAR DO NADAL.

Xesús achégase, e nós seguimos abrindo pouco a pouco o noso fogar para que Xesús naza e se faga á nosa beira.

Como signo da igrexa acolledora que cremos vale a pena ser, **abrimos a segunda semana do advento.**

LIMPÁDEVOS DO MAL. PREPARADE O CAMIÑO



2ª advento
**LIMPÁDEVOS
DO MAL.
PREPARADE
O CAMIÑO**

Necesitamos mellorar. Hai demasiadas cousas que emporcan a nosa vida.

* Limparse do mal é insistir en ser tolerantes,

porque vivimos con demasiados medos a quen pensa, vive ou cre diferente.

* Limparse do mal é reutilizar, reciclar e reducir o consumo de plásticos e embalaxes; e non calar os abusos que se queren facer coa natureza no mundo rural.

* Limparse do mal é ser responsables nos soños da paz porque nos escandaliza o nada que vale a vida por culpa da violencia.

* Limparse do mal é solidarizarnos coa dor e a impotencia que deixan as riadas que se levan todo por diante, e mesmo a vida.

* Limparse do mal é preparar o camiño e acoller, porque, dende logo, queremos e vale a pena ser FOGAR de NADAL.

Mantemos un momento de reflexión e silencio

(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: Neste encontro parroquial, querendo facer igrexa de fogar, preparámonos para acoller a Xesús noso Salvador. Damos resposta da nosa fe diante dos demais dicindo:

♪ *Si, creemos*

Monitor/a:

Credes en Deus Pai, que nos enche do seu amor cando quere que o seu Fillo comparta a nosa vida?

Si, creemos

Credes en Xesús, que se achega a todos nós convidándonos a vivir medrando día a día na fraternidade, mirando sempre polos demais con ollos de tenrura?

Si, creemos

Credes no Espírito de Deus que alenta a facer camiño á beira de quen necesita ser máis xustamente tratado?

Si, creemos

Credes na igrexa, comunidade que precisa mellorar e que nos necesita para tender pontes e para seguir facendo crible a Boa Nova do evanxeo?

Si, creemos

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Oremos ao Señor, noso Deus. Quen espera nel faise fogar acolledor. Oremos dicindo:*

VISITA AO TEU POBO, SEÑOR

Monitor/a:

✓ Pola Igrexa: para que neste tempo de Advento sexamos luz e esperanza en tantas situacións de dificultade e crise que teñen que mellorar. Oremos

✓ Polos gobernos: para que, procurando o ben común, nos axuden a construír camiños de paz e acollida pois hai moito no que mellorar. Oremos

✓ Polas persoas que están angustiadas e cansas no camiño da vida: para que atopen ao seu carón unha man amiga que lles dea forzas e mellorando sintan próxima a liberación. Oremos

✓ Por todos nós, para que achandemos na nosa vida todo o que sexa tropezo de encontro cos demais: intolerancia, desprezo, murmuracións, e o fagamos mellor. Oremos

✓ Finalmente rezamos esforzándonos polas nosas aldeas, os nosos montes, a nosa natureza. Querémola coidada, viva e dándonos vida. Oremos

Celebrante: *Amósanos, Pai, a túa misericordia e dános a túa salvación en Xesucristo, con quen queremos ser Fogar de Nadal, por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Deus está cerca, Deus está na nai que espera un fillo e está no pai que dá un colo; está en quen espera paz e non violencia; está en quen sementa caridade e non egoísmo; está en quen coida de quen non se vale por si só. Deus está en ti, en min, en nós, e xuntos queremos ser igrexa de fogar. Sabéndonos nas súas mans recemos:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Esperamos a túa paz Señor para que tamén nós poidamos transmitila a tantas persoas que viven sen esperanza. Ser fogar acolledor na fe é selo contigo Señor, e é selo con todos os homes e mulleres, limpando o mal, facendo o ben e orgullosos de compartir paz coas nosas mans. Fagámolo.*

🎵 **nº 38 Que medre a paz**

COMUÑÓN

Celebrante: *Compartimos a Boa Nova coa que Deus nos agasalla. Fágamos sitio a Aquele que quere nacer no medio de nós no Nadal.*

Ditosos nós que hoxe somos a igrexa do fogar que quere mellorar e que se sabe convidada nesta mesa do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 38** *Que medre o amor (o ben, a fe, ...)*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor,
rogámosche que a participación na Boa Nova
nos ensine a valorar con xusteza
os bens da terra e a ter o corazón nos do ceo.

Sabemos que contas con nós para facer mellor
e preparar o camiño de acoller ao teu Fillo
neste Fogar de Nadal
que estamos a piques de compartir.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas
por sempre eternamente. Amén.

*A nosa celebración de advento é mellorar para acoller
a quen ven ao noso encontro.*

*A nosa celebración de advento é derrubar muros e
mellorar pontes para compartir a fe facendo fogar.*

*A nosa celebración de advento ten que ser tamén unha
ventana aberta e un corazón vivo para acoller a quen
precisa Nadal.*

Como signo de que queremos facer sitio a este Xesús
que se achega imos levar con nós esta ventana aberta.

Repartimos as ventanas da segunda semana de advento

Coa ventana que levamos comprometámonos a facer
as cousas algo mellor. Preguntémonos, en que podemos
mellorar a nosa vida?.. A nivel persoal, como familia,
como parroquia, como igrexa, coa natureza, ...



2ª advento
**LIMPADEVOS
DO MAL.
PREPARADE
O CAMIÑO**

Palabras do evanxeo de hoxe

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*

Podémonos ir en paz